O peso total real mínimo do conxunto será de 15.000 quilogramos.

c) Tanto o remolque coma o semirremolque estarán equipados con freos antibloqueo.

9. Para o permiso da clase D1, autobuses de masa máxima autorizada non inferior a 4.000 quilogramos e lonxitude non inferior a 5,50 metros, cuxo número de asentos, incluído o do condutor, non exceda de 17.

10. Para o permiso da clase D1+E, un conxunto composto por un autobús das características indicadas no número 9 anterior e un remolque de masa máxima autorizada non inferior a 2.500 quilogramos, con polo menos dous metros de largo e dous metros de alto, e lonxitude, excluída a lanza ou sistema de enganche ou ensamblaxe, non inferior a catro metros.

O compartimento de carga do remolque terá polo menos dous metros de largo e dous metros de alto. A masa máxima autorizada do conxunto non deberá exceder de 12.000 quilogramos e o peso total real mínimo do remolque será de 800 quilogramos.

11. Para o permiso da clase D, autobuses de lonxitude non inferior a 10 metros e largo non inferior a 2,40 metros.

12. Para o permiso da clase D+E, un conxunto composto dun autobús das características establecidas no número 11 anterior e un remolque de masa máxima autorizada non inferior a 2.500 quilogramos, largo non inferior a 2,40 metros e lonxitude, excluída a lanza ou sistema de enganche ou ensamblaxe, non inferior a catro metros. O compartimento de carga do remolque terá polo menos dous metros de largo e dous metros de alto e o peso total real mínimo do remolque será de 800 quilogramos.»

Disposición derrogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil.*

Modifícase o artigo 9 do Real decreto 1257/1999, do 16 de xullo, sobre regulación de permisos de condución de vehículos das Forzas Armadas e da Garda Civil, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 9. *Formación impartida, probas realizadas e vehículos utilizados nestas.*

Sen prexuízo das especialidades que correspondan á natureza militar dos vehículos utilizados polas Forzas Armadas e a Garda Civil, a formación teórica e práctica impartida nas escolas e organismos das Forzas Armadas e da Garda Civil e as probas realizadas axustaranse, con carácter xeral, ao disposto no capítulo III do título II e no anexo VII do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. Tamén se axustarán ao disposto no dito capítulo III os vehículos militares empregados nas referidas probas, na medida en que o permitan as súas características especiais e os criterios operativos que rexen a dotación de material automóbil nas Forzas Armadas.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», excepto no que se refire á implantación do modelo de permiso de condución do anexo I bis, que se efectuará de acordo co que estableza a orde do ministro do Interior á que se refire a disposición transitoria décimo primeira do Regulamento xeral de condutores.

Dado en Madrid, o 2 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

13468 *REAL DECRETO 1652/2004, do 9 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e películas para televisión, europeas e españolas.* («BOE» 174, do 20-7-2004.)

O punto cinco do artigo único da Lei 22/1999, do 7 de xuño, introduciu un segundo parágrafo no punto 1 do artigo 5 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE do Consello, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio da actividade de radiodifusión televisiva. A dita modificación impúxolles aos operadores de televisión a obriga de destinaren cada ano o cinco por cento dos seus ingresos de explotación do ano anterior ao financiamento de películas cinematográficas e para televisión europeas.

A disposición adicional segunda da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual, modificou o dito segundo parágrafo do punto 1 do artigo 5 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, introducindo catro modificacións:

a) Reduciu o ámbito de aplicación da obriga aos operadores de televisión que inclúan dentro da súa programación longametraxes cinematográficas de «produción actual», é dicir, cunha antigüidade inferior a sete anos.

b) Reservou o 60 por cento do financiamento obrigatorio a obras en lingua orixinal española.

c) Restrinxiu o concepto de obras audiovisuais ás curtametraxes cinematográficas e ás obras recollidas no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual.

d) Definiu o concepto de «película para televisión».

Malia estas modificacións, que clarificaron o contido do precepto e ampliaron a seguridade xurídica dos operadores de televisión, a aplicación práctica da norma aínda ofrece certas dúbidas que xeran inseguridade xurídica. Todo iso tradúcese nunha mingua na eficacia da iniciativa lexislativa, polo que é aconsellable a promulgación dunha norma regulamentaria de rango suficiente que regule os baleiros que a lei non cobre e que coadxuve ao fomento da industria cinematográfica europea en xeral e española en particular.

Así, a obriga de destinar parte da facturación a obras cinematográficas actuais europeas representa unha obriga nova que reviste certa complexidade á hora de facela efectiva. Pola súa vez, o desenvolvemento regulamentario que este real decreto acomete foi reclamado insistentemente tanto polos suxeitos da obriga como polos

potenciais beneficiarios dela, isto é, os operadores de televisión e os produtores de contidos audiovisuais, respectivamente.

O regulamento incorpora normas tendentes a facilitar a aplicación da norma reguladora do financiamento das producións cinematográficas europeas. Para iso, centra a súa atención en dous elementos fundamentais: como computar a facturación dos operadores de televisión e como computar a cota destinada a adquirir producións cinematográficas europeas. A estas regras engádense outras que abordan outras cuestións centradas en faceren efectivo o cumprimento da obriga e velaren porque haxa transparencia nos labores de comprobación e seguimento que debe facer a Administración competente.

Este real decreto é resultado dun amplo proceso de consenso cos sectores implicados na produción e a emisión de producións cinematográficas por televisión e debe entenderse aberto a reflectir os posibles acordos aos que poidan chegar os interesados para os efectos de fomentaren as solucións que deriven da autorregulación nunha materia tan importante como é o fomento da cinematografía.

O artigo 19.2 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, atribúelle ao Estado as competencias para garantir o cumprimento das disposicións desta lei, nos servizos de televisión que, conforme o disposto no parágrafo primeiro do punto 2 deste mesmo artigo, non sexan competencia das comunidades autónomas, de forma que nesta materia o Estado non só reserva para si a potestade para ditar a normativa básica, senón que tamén ten a competencia para o seu desenvolvemento e execución en relación cos operadores de televisión baixo a súa competencia directa.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Industria, Turismo e Comercio e de Cultura, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de xullo de 2004,

D I S P O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación do regulamento.*

Apróbase o Regulamento que regula o investimento obrigatorio para o financiamento anticipado de longametraxes e curtametraxes cinematográficas e películas para televisión, europeas e españolas, que se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Operadores de televisión cuxo exercicio social non coincida co ano natural.*

Os operadores de televisión cuxo exercicio social non coincida co ano natural comunicarán esta circunstancia e as datas de peche do dito exercicio á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información no prazo de dous meses desde a entrada en vigor do regulamento que se aproba.

Calquera modificación estatutaria do exercicio social deberá comunicarse, así mesmo, ao dito órgano administrativo.

Disposición adicional segunda. *Información das comunidades autónomas.*

De acordo co disposto na disposición adicional primeira da Lei 25/1994, do 12 de xullo, os órganos competentes das comunidades autónomas deberanlle remitir ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, a seguinte información:

a) Antes do 1 de abril de cada ano natural, un informe sobre o cumprimento polos operadores de televisión baixo a súa competencia das cotas de emisión de produción europea e en calquera das linguas oficiais de España, a que se refire o artigo 5 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, durante o ano inmediato anterior.

b) Antes do 1 de abril de cada ano natural, un informe sobre o cumprimento polos operadores de televisión baixo a súa competencia das cotas de emisión de produción independente, ás que se refire o artigo 6 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, durante o ano anterior.

c) Antes do 1 de outubro de cada ano natural, un informe específico sobre o cumprimento, por parte dos ditos operadores, da obriga de financiamento da produción, a que se refiren os parágrafos segundo a cuarto do punto 1 do artigo 5 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, durante o exercicio anterior. No dito informe reflectiranse, desagregados por operador, os ingresos de explotación computados para efectos do cumprimento da súa obriga de financiamento e o financiamento total achegado, distinguindo entre o dirixido a producións en calquera das linguas oficiais de España e ao resto das producións europeas, e, dentro de ambos, o destinado a longametraxes cinematográficas, a películas para televisión e a outras producións.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio para o exercicio correspondente ao ano 2004.*

Os criterios establecidos no regulamento aprobado por este real decreto soamente serán de aplicación ás operacións realizadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto mentres non supoñan unha restrición de dereitos ou unha limitación das expectativas lexítimas dos operadores de televisión.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derrogados o artigo 6 e a disposición adicional única do Regulamento que regula o dereito dos usuarios do servizo de televisión a seren informados da programación que se emita, e desenvólvense outros artigos da Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño, aprobado polo Real decreto 1462/1999, do 17 de setembro, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Normativa básica.*

A disposición adicional segunda deste real decreto ten carácter de norma básica de acordo co disposto no artigo 149.1.27.ª da Constitución, relativo á competencia exclusiva estatal para ditar as bases sobre o réxime xurídico da radio e a televisión.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de xullo de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

REGULAMENTO QUE REGULA O INVESTIMENTO OBRIGATORIO PARA O FINANCIAMENTO ANTICIPADO DE LONGAMETRAXES E CURTAMETRAXES CINEMATOGRÁFICAS E PELÍCULAS PARA TELEVISIÓN, EUROPEAS E ESPAÑOLAS

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. Están suxeitos ao disposto neste regulamento os operadores de televisión cuxa inspección e control sexa competencia do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co disposto no artigo 19.2 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 89/552/CEE do Consello, sobre a coordinación de disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao exercicio de actividades de radiodifusión televisiva.

2. De acordo coa mencionada lei, enténdese por operador de televisión a persoa física ou xurídica que asuma a responsabilidade editorial da programación televisiva e que a transmita ou a faga transmitir por un terceiro. Así mesmo, consideraranse establecidos en España aqueles operadores que cumpran as condicións previstas no artigo 2 da citada Lei 25/1994, do 12 de xullo.

Artigo 2. *Verificación do cumprimento da obriga de investimento.*

1. Os operadores de televisión que teñan a responsabilidade editorial de canles de televisión en cuxa programación se inclúan longametraxes cinematográficas de produción actual deberanlle remitir á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, antes do día 1 de abril de cada ano natural, un informe no cal se indique a forma en que deron cumprimento ao disposto nos parágrafos segundo a cuarto do punto 1 do artigo 5 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, utilizando para iso o modelo que se achega como anexo deste regulamento. Entenderase por longametraxe cinematográfica de produción actual aquela que conte cunha antigüidade menor de sete anos computados desde a súa data de produción.

2. Á vista dos citados informes, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá requirir dos operadores de televisión, de acordo co disposto no artigo 19.2 e 3 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, os datos adicionais, co detalle que fose preciso, así como a presentación da documentación orixinal necesaria para comprobar o cumprimento da citada obriga.

3. Tanto o informe inicial como as informacións adicionais requiridas terán carácter confidencial, sen que poidan ser utilizadas para fins distintos daqueles para os que fose subministrada polos operadores.

4. Antes de transcorridos seis meses desde a presentación polos operadores de televisión dos informes a que se refire o punto 1, a Dirección Xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información, á vista dos informes da comisión de seguimento a que se fai referencia no artigo 10.2.c), notificaralle por escrito a cada operador de televisión se deu cumprimento á súa obriga de financiamento. A dita notificación incorporará a establecida no artigo 8.3.

Artigo 3. *Acreditación dos ingresos ante a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.*

1. No informe anual a que fai referencia o artigo 2, os operadores de televisión privados acreditarán os seus ingresos ante a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información mediante:

a) A presentación, por parte das sociedades constituídas baixo a lei española, das contas anuais debidamente auditadas, naqueles casos en que sexa necesario conforme a normativa mercantil aplicable, e depositadas no Rexistro Mercantil; as sociedades constituídas de acordo coa lei distinta da española deberán presentar as referidas contas acompañadas da acreditación fidedigna do seu depósito no correspondente rexistro, de ser preceptivo o dito depósito, ou, en caso contrario, da certificación do representante do operador correspondente de ter aprobado as contas anuais conforme a normativa aplicable no Estado en cuestión, e

b) A presentación da desagregación dos conceptos necesarios para determinar os ingresos computables que, se non viñese reflectido nas contas anuais ou estas non fosen auditadas, deberá vir conformado por unha auditoría externa.

2. Os operadores de televisión privados cuxo exercicio social non coincida co ano natural, segundo o disposto nos seus estatutos sociais, efectuarán o cómputo do investimento realizado tomando como referencia o período comprendido entre o primeiro e o último día do seu correspondente exercicio social e presentarán como ingresos de explotación os correspondentes ao exercicio anterior.

3. Os operadores públicos acreditarán os seus ingresos mediante certificación do director xeral do ente público Radio Televisión Española con igual nivel de desagregación de ingresos que o requirido aos operadores privados.

Artigo 4. *Ingresos computables.*

1. Para efectos do disposto no artigo anterior, computaranse como ingresos do operador os ingresos netos de explotación derivados da programación e explotación da canle ou das canles de televisión que dan orixe á obriga de investimento. En todo caso, integrarán os ditos ingresos os derivados da publicidade, as cotas de aboamento e as subvencións se é o caso.

Exclúense os ingresos obtidos da explotación doutras canles que non xeren obriga de investimento, os provenientes doutras actividades distintas da televisiva, así como os xerados polo alugamento de equipamentos de recepción ou a instalación de antenas.

2. Os ingresos en concepto de dereitos ou regalías pola comercialización de produtos asociados aos contidos emitidos soamente se computarán na medida en que a suma dos ditos ingresos represente unha porcentaxe superior ao 10 por cento do total de ingresos do operador. Neste último caso, soamente será computable como ingreso de explotación a contía que exceda da dita porcentaxe.

Artigo 5. *Acreditación do financiamento efectuado.*

1. Para a acreditación ante a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do financiamento efectuado, os operadores de televisión deberán presentar unha relación das obras que foron obxecto de financiamento, diferenciando as producións cuxa lingua orixinaria sexa calquera das oficiais en España, e distinguindo, polas súas especiais características, os casos en que o financiamento se producise excepcionalmente con posterioridade á finalización da produción.

2. Indicaranse para cada obra os seguintes datos:

a) O título.

b) O titular dos dereitos ou a empresa produtora.

c) As datas do contrato, salvo que se trate de produción propia, e de finalización da produción; no suposto de que a produción non concluíse, indicarase esta circunstancia mediante a expresión "sen finalizar".

d) Os importes correspondentes á participación directa na produción, no caso de produción propia, coprodución ou encargo de produción, así como as relativas á compra de dereitos de explotación, tanto en películas para cine como para televisión.

3. A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información poderá requirir a presentación da documentación acreditativa dos datos a que se refire o punto anterior.

Artigo 6. *Obras audiovisuais cuxo financiamento se computará.*

As obras audiovisuais, de ficción, documentais ou animación cuxo financiamento poderá computarse serán as seguintes:

a) As longametraxes e curtametraxes cinematográficas.

b) As películas para televisión, entendendo por tales calquera xénero de obras audiovisuais de características similares ás longametraxes cinematográficas, é dicir, obras unitarias de duración superior a 60 minutos con desenlace final, coa singularidade de que a súa explotación comercial non inclúe a exhibición en salas de cine.

Exclúense as obras audiovisuais por episodios, calquera que sexa o número destes.

Para distinguir estas últimas obras daquelas películas para televisión que, en razón da súa duración, poidan ser obxecto de emisión dividida en dúas partes, cando se produza a emisión nestas condicións considerarase que as ditas películas non poderán ter unha duración superior a 150 minutos.

As ditas películas deberán obter a cualificación por grupos de idade e, se é o caso, o certificado de nacionalidade española, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, e no artigo 3 do Real decreto 526/2002, do 14 de xuño, polo que se regulan medidas de fomento e promoción da cinematografía e a realización de películas en coprodución, respectivamente.

c) As obras que, non estando incluídas nos parágrafos anteriores, se encontren comprendidas nos supostos recollidos no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual, isto é, películas, calquera que sexa o seu soporte, de novos realizadores, experimentais, documentais, pilotos de serie de animación ou de decidido carácter cultural.

Artigo 7. *Gastos computables no financiamento anticipado de producións.*

1. No cumprimento da obriga de financiamento poderán computarse todos os gastos en que incorra o operador de televisión en produción propia e encargos de produción, coproducións e compra aos seus produtores de dereitos de explotación das obras audiovisuais incluídas no artigo anterior.

Exclúense as compras a terceiros, distintos da empresa produtora, salvo nos supostos recollidos no punto 4.

Dentro da produción propia computaranse todos os gastos directos, debidamente xustificados, en que se incorra para a realización desta.

En calquera caso, soamente serán computables como custos ou gastos aqueles que determine a normativa do Ministerio de Cultura sobre recoñecemento de custos das obras cinematográficas para efectos da concesión de axudas, sendo de aplicación os límites previstos nesta.

2. Computarase tanto o financiamento directo dos operadores de televisión como o indirecto achegado a través de sociedades produtoras filiais.

No suposto de que o operador de televisión sexa filial dunha empresa produtora, tamén computará o investimento realizado pola empresa matriz. Se esta última empresa tivese como filiais simultaneamente varios operadores de televisión, o cómputo dos investimentos realizados pola empresa produtora distribuirase entre os operadores en proporción á súa cifra de negocios. En todos os casos, descontarase do financiamento achegado a cada obra:

a) O importe das axudas públicas obtidas polo operador ou a sociedade produtora, filial ou matriz deste, na contía que lles corresponda en función da súa porcentaxe de participación na produción da obra.

b) O importe recibido polo operador ou a sociedade produtora, filial ou matriz deste, na contía que lles corresponda, pola cesión dos dereitos de explotación da obra ao dito operador de televisión cando este último compute o importe pagado polos ditos dereitos para efectos da obriga de financiamento.

En ningún caso se admitirá, dentro do mesmo grupo, o dobre cómputo dun mesmo financiamento.

Para efectos do previsto neste punto, o financiamento computable das empresas do grupo do que forme parte o operador de televisión calcularase de acordo co que dispoñen os artigos 42 e seguintes do Código de Comercio para as contas consolidadas.

3. Coa excepción do indicado no punto 5, non computarán as compras de dereitos de explotación de producións terminadas españolas ou europeas, sexan ou non consideradas de catálogo.

Para estes efectos, a data de finalización da produción, a partir da cal a obra se entende terminada, será a de obtención da primeira copia estándar, que poderá ser xustificada polo propio produtor, polas empresas auxiliares participantes no proceso final de posprodución ou por calquera outro medio suficiente.

4. Non obstante o disposto no punto 1, tamén se poderán computar as compras de dereitos de explotación efectuadas a terceiros, distintos da empresa produtora, nos seguintes casos:

a) Cando teñan por obxecto unha produción realizada exclusivamente por un ou varios produtores comunitarios dos que ningún teña establecemento permanente en España; neste caso, poderase computar como investimento a totalidade do pagamento efectuado ao terceiro.

b) Cando os dereitos globais fosen adquiridos por un operador de televisión, as revendas que este faga a outros operadores dos dereitos de emisión para cada unha das diferentes ventás de explotación poderán computarse polo importe efectivamente aboado en termos netos por cada operador pola adquisición dos mencionados dereitos, sempre que se minore polo mesmo importe a achega computada ao primeiro operador. En ningún caso se admitirá o dobre cómputo do importe aboado sucesivamente por un mesmo dereito por varios operadores de televisión.

c) Cando os titulares dos dereitos de explotación sexan empresas distribuidoras, poderán computarse as cantidades aboadas polo operador de televisión, sempre que exista un mínimo garantido para a empresa produtora da obra, circunstancia que deberá reflectirse no contrato entre o operador de televisión e a empresa distribuidora, debendo computarse como investimento unicamente o dito mínimo garantido.

En todos estes supostos aplicarase estritamente o disposto no punto 3, sen que sexa de aplicación a excepción prevista no punto 5.

5. Excepcionalmente, no suposto de obras que durante a súa fase de produción non se beneficiasen do financiamento previsto no segundo parágrafo do artigo 5.1 da Lei 25/1994, do 12 de xullo, a compra directa ao produtor ou ao distribuidor dos dereitos de explotación das obras xa terminadas poderá computarse sempre que a dita compra se produza, como máximo, seis meses despois da finalización da produción.

Neste suposto, as compras de dereitos de explotación efectuadas a terceiros só poden computarse se estes últimos actúan en calidade de meros axentes das empresas produtoras.

Artigo 8. *Exercicio en que se computa o investimento.*

1. O financiamento efectuado aplicarase ao exercicio en que naza a obriga contractual dos operadores con terceiros, independentemente da súa data de pagamento. No caso de produción propia, o financiamento aplicarase ao exercicio en que deu comezo a produción ou, alternativamente, se esta produción se distribuíse en varios exercicios, aplicaranse como investimento a cada un deles os gastos efectivamente contabilizados en cada exercicio, sen que poida contabilizarse dúas veces o mesmo gasto.

2. Non obstante, atendendo á normal duración dos procesos de produción, unha parte dos investimentos realizados durante un exercicio poderase aplicar ao cumprimento da obriga no exercicio seguinte ou no inmediatamente anterior, coa condición de que o financiamento realizado en exercicio distinto do de aplicación non poderá superar o 20 por cento da obriga de financiamento que lle corresponda ao exercicio en que se aplique.

3. Neste caso, o operador sinalará expresamente no seu informe de cumprimento a súa intención de acollerse ao disposto no punto anterior. A Dirección Xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información, á vista do financiamento efectivamente recoñecido en cada exercicio, notificaralle ao operador o importe do financiamento que deberá ser xerado adicionalmente no exercicio seguinte para ser aplicado ao exercicio cerrado, ou, polo contrario, o importe total do financiamento xerado no exercicio cerrado que poderá ser obxecto de aplicación ao exercicio seguinte, sempre que non supere o 20 por cento da obriga que corresponda a ese exercicio.

Artigo 9. *Cómputo de escalados nas compras de dereitos.*

1. Cando os contratos inclúan unha cláusula de escalado a favor da produtora, o importe dos ditos escalados computarase no ano en que se produza efectivamente o seu devengo e polo valor real correspondente.

2. Entenderase por cláusula de escalado a favor da produtora aquela segundo a cal o prezo dos dereitos de explotación da obra se poida incrementar en función da audiencia obtida ou os resultados da exhibición comercial desta.

Artigo 10. *Comisión interministerial de seguimento.*

1. Co fin de controlar o cumprimento da obriga de financiamento previsto neste regulamento, créase unha comisión interministerial de seguimento da obriga de financiamento prevista nos parágrafos segundo a cuarto do artigo 5.1 da Lei 25/1994, do 12 de xullo.

A comisión estará adscrita ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

2. Serán funcións da comisión:

a) Coñecer os informes presentados polos operadores de televisión en cumprimento da obriga de financiamento anticipado, solicitando a información adicional que for necesaria para poder determinar o cumprimento efectivo da citada obriga por parte de cada operador.

b) Verificar, cando for preciso, os datos achegados polos operadores facendo uso da información dispoñible nos rexistros do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información

c) Informar o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio sobre o cumprimento efectivo da obriga de financiamento anticipado por parte de cada operador durante o exercicio anterior e propor, no caso de que se producise incumprimento, a apertura do correspondente expediente sancionador.

d) Elaborar un informe anual sobre o cumprimento da citada obriga, así como sobre o impacto que esta medida estea tendo sobre a industria cinematográfica, recomendando as medidas que considere oportunas para mellorar a súa eficacia e eficiencia. Este informe será público.

e) Asesorar a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información en relación cos proxectos de disposicións xerais sobre esta materia.

No exercicio das súas funcións, a comisión, dentro do respecto ao principio de confidencialidade establecido no punto 4, poderá solicitar o concurso de profesionais e expertos e obter información das asociacións profesionais do sector.

3. A citada comisión estará composta por:

a) O presidente, que será o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

b) O vicepresidente, que será o secretario de Estado de Comunicación do Ministerio da Presidencia. O vicepresidente substituirá o presidente en caso de ausencia.

c) Sete vogais, que serán o director xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o subdirector xeral de Medios Audiovisuais do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, o subdirector xeral de Fomento da Industria Cinematográfica e Audiovisual do Ministerio de Cultura, un representante do Ministerio da Presidencia, dous funcionarios designados polo director xeral para o Desenvolvemento da Sociedade da Información, de entre os membros da Subdirección Xeral de Medios Audiovisuais, un dos cales exercerá as funcións de secretario da comisión, e un funcionario designado polo director xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais do Ministerio de Cultura.

Con obxecto de garantir a continuidade das actividades da comisión, o órgano que corresponda designará tantos suplentes como vogais lle corresponda designar.

4. As deliberacións da comisión terán carácter confidencial e os seus membros non poderán facer uso dela para outros fins distintos daqueles para os que fose subministrada polos operadores.

ANEXO

Modelo de formulario

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

1. Financiamento de obras cinematográficas en lingua orixinaria española durante a fase de produción

Título	Titular dos dereitos[1]	Data do contrato	Data de fin da produción	Financiamento directo da produción	Dereitos de antena (euros)	Escalados[2] (euros)
Total investido por conceptos						

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[1] Se o titular non é un produtor, indicar se é distribuidora ou otro operador de TV.
[2] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

2. **Financiamento de obras cinematográficas en lingua orixinaria española posterior á finalización da produción**[3]

Título	Produtora	Data do contrato	Data de fin da produción	Dereitos de antena (euros)	Escalados[4] (euros)
Total investido por conceptos					

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[3] Obras cuxos dereitos de antena foron adquiridos despois de concluída a produción, pero non máis de seis meses despois da finalización da produción.

[4] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

3. Financiamento de películas para televisión en lingua orixinaria española durante a fase de produción

Título	Titular dos dereitos[5]	Data do contrato	Data de fin da produción	Financiamento directo da produción (euros)	Dereitos de antena (euros)	Escalados[6] (euros)
Total investido por conceptos						

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[5] Se o titular non é un produtor, indicar se é distribuidora ou otro operador de TV.

[6] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

4. Financiamento de películas para televisión en lingua orixinaria española posterior á finalización da produción[7]

Título	Produtora	Data do contrato	Data de fin da produción	Dereitos de antena (euros)	Escalados[8] (euros)
Total investido por conceptos					

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[7] Obras cuxos dereitos de antena foron adquiridos despois de concluída a produción, pero non máis de seis meses despois da finalización da produción.

[8] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

5. **Financiamento das obras en lingua orixinaria española incluídas no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual, durante a fase de produción**

Título	Titular dos dereitos[9]	Data do contrato	Data de fin da produción	Financiamento directo da produción (euros)	Dereitos de antena (euros)	Escalados[10] (euros)
Total investido por conceptos						

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[9] Se o titular non é un produtor, indicar se é distribuidora ou otro operador de TV.

[10] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

6. **Financiamento das obras en lingua orixinaria española incluídas no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual, posterior á finalización da produción**[11]

Título	Produtora	Data do contrato	Data de fin da produción	Dereitos de antena (euros)	Escalados[12] (euros)
Total investido por conceptos					

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[11] Obras cuxos dereitos de antena foron adquiridos despois de concluída a produción, pero non máis de seis meses despois da finalización da produción.

[12] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

7. Financiamento doutras obras cinematográficas europeas durante a fase de produción

Título	Titular dos dereitos[13]	Data do contrato	Data de fin da produción	Financiamento directo da produción (euros)	Dereitos de antena (euros)	Escalados[14] (euros)
Total investido por conceptos						

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[13] Se o titular non é un produtor, indicar se é distribuidora ou otro operador de TV.

[14] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

8. **Financiamento doutras obras cinematográficas europeas posterior á finalización da produción**[15]

Título	Produtora	Data do contrato	Data de fin da produción	Dereitos de antena (euros)	Escalados[16] (euros)
Total investido por conceptos					

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[15] Obras cuxos dereitos de antena foron adquiridos despois de concluída a produción, pero non máis de seis meses despois da finalización da produción.

[16] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

9. **Financiamento doutras películas para televisión europeas durante a fase de produción**

Título	Titular dos dereitos[17]	Data do contrato	Data de fin da produción	Financiamento directo da produción (euros)	Dereitos de antena (euros)	Escalados[18] (euros)
Total investido por conceptos						

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[17] Se o titular non é un produtor, indicar se é distribuidora ou otro operador de TV.

[18] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

10. **Financiamento doutras películas para televisión europeas posterior á finalización da produción**[19]

Título	Produtora	Data do contrato	Data de fin da produción	Dereitos de antena (euros)	Escalados[20] (euros)
Total investido por conceptos					

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[19] Obras cuxos dereitos de antena foron adquiridos despois de concluída a produción, pero non máis de seis meses despois da finalización.

[20] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

11. Financiamento das obras europeas incluídas no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual, durante a fase de produción

Título	Titular dos dereitos[21]	Data do contrato	Data de fin da produción	Financiamento directo da produción (euros)	Dereitos de antena (euros)	Escalados[22] (euros)
Total investido por conceptos						

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[21] Se o titular non é un produtor, indicar se é distribuidora ou otro operador de TV.

[22] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

12. **Financiamento das obras europeas incluídas no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, de fomento e promoción da cinematografía e o sector audiovisual, posterior á finalización da produción**[23]

Título	Produtora	Data do contrato	Data de fin da produción	Dereitos de antena (euros)	Escalados[24] (euros)
Total investido por conceptos					

De acordo co sinalado no artigo 2.3 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1652/2004, do 9 de xullo, todos os datos declarados polos operadores terán carácter confidencial e non se poderán utilizar para fins distintos dos previstos na Lei 25/1994, do 12 de xullo, modificada pola Lei 22/1999, do 7 de xuño.

[23] Obras cuxos dereitos de antena foron adquiridos despois de concluída a produción, pero non máis de seis meses despois da finalización.

[24] Se o escalado corresponde a unha obra financiada en exercicios anteriores, en "data do contrato" indicar o ano en que se declarou.

OPERADOR DE TELEVISIÓN ..... EXERCICIO:

RESUMO

Conceptos de financiamento	Financiamento directo da produción (euros)	Dereitos de antena	Escalados (euros)	Total (euros)
1. Obras cinematográficas en lingua orixinaria española durante a fase de produción ..... 2. Obras cinematográficas en lingua orixinaria española posterior á finalización da produción ... 3. Películas para televisión en lingua orixinaria española durante a fase de produción ..... 4. Películas para televisión en lingua orixinaria española posterior á finalización da produción ... 5. Obras en lingua orixinaria española incluídas no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, durante a fase de produción ..... 6. Obras en lingua orixinaria española incluídas no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, posterior á finalización da produción				
Total obra en lingua orixinaria española				
7. Outras obras cinematográficas europeas durante a fase de produción ..... 8. Outras obras cinematográficas europeas posterior á finalización da produción ..... 9. Outras películas para televisión europeas durante a fase de produción ..... 10. Outras películas para televisión europeas posterior á finalización da produción ..... 11. Outras obras europeas incluídas no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, durante a fase de produción ..... 12. Outras obras europeas incluídas no artigo 5.1 da Lei 15/2001, do 9 de xullo, posterior á finalización da produción.....				
Total outras obras europeas				
Total en obra europea				